

O SOM AO REDOR

Kleber Mendonça Filho, 2012

1671

ESTREA EN NUMAX: 27.01.2026 | V.O.S.E. | 131 min

Os habitantes dun barrio da cidade brasileira de Recife séntense inseguros e contratan unha empresa que os protexa. Esta incursión, que pretende loitar contra a desconfianza instalada entre os membros dunha comunidade relativamente tranquila, altera a vida das súas rúas, aínda que a cotiandade pronto atopa o seu rumbo.

«Co su deseñador de son, Pablo Lamar, Mendonça creou a paisaxe sonora dun filme de terror.»

A. O. Scott, THE NEW YORK TIMES



A fenda

Por Roger Koza

O cinema brasileiro está vivo e sorprende. Hai evidencias: *Branco Sai Preto Fica*, de Adirley Queirós, *Avanti Popolo*, de Michael Warhmann, *A Vizinha do Tigre*, de Affonso Uchoa e, loxicamente, *O Som ao Redor*, de Kleber Mendonça Filho, gran película sobre un tema que obsesiona aos comunicadores latinoamericanos: a inseguridade. Por certo, o filme ostenta unha solidez conceptual inobxectable, e vén cortexado por unha procura formal á altura das circunstancias. Unhas fotos fixas abren o relato remitindo ao pasado de Brasil, seguidas por unha plano secuencia (en steadicam) no que unha nena vai patinando, todo isto sumado a unha banda musical que calza perfectamente no ton: en menos dun par de minutos xa se comprende que aquí hai un director.

Para filmar unha emoción dispersa como a desprotección hai que artellar unha cartografía visual. Velaquí a primeira intelixencia de Mendonça: mostrar unha veciñanza como unha rede simbólica sen límites precisos, no que as rúas e os edificios, vistos tanto en panorámicas como en planos xerais, poidan establecer unha situación social e un momento na historia dun país. Recife loce poderosa, transformada por certo esplendor económico que se traduce en rañaceos novos nesa xeografía. O mar apenas se ve, e cando se poida divisalo advertirase un cartel que anuncia a presenza de quenllas. O perigo axexa por todos lados.

O som ao redor avanza por microrrelatos que se desenvolven nun espazo común. Hai varios personaxes: axentes inmobiliarios, amas de casa, persoal doméstico, gardas. Hai dúas secuencias oníricas inesperadas, e nunha delas o medo polo outro atopa a súa expresión perfecta en tanto que visualiza o imaxinario propio dunha clase. O inconsciente sen trabas dunha nena mentres dorme orchestra unha invasión (a intelixencia sonora da secuencia é formidable). A conclusión é contundente: a propiedade privada xa non funciona como unha esfera de salvagarda, senón como unha membrana permeable colmada por intrusos potenciais.

Pero o coitán non se esgota na súa descrición, e a captación dunha sensación tampouco se reduce á súa escenificación. O que sucede no epílogo do filme, cando os gardas sosteñen un diálogo co patriarca dun dos edificios, é un dato que reenvía a totalidade do filme a outro universo conceptual. Unha data é a clave: 27 de abril de 1984, época crepuscular aínda sen democracia que enfrontaba noutros termos a ese patrón cos seus empregados. A elipse elixida para contar este momento incitará ao espectador para imaxinar, pois o filme reservarase a información, aínda que deixará claro que a fenda económica de hoxe entre quen posúe e quen coida as posesións dos outros está inscrita nunha historia política e económica. O discurso vese, non se di.

O debut na ficción de Mendonça é notable. Os seus planos secuencia, as eleccións de encadre, o traballo sobre o son están ao servizo de contar unha experiencia sobre a interacción de clases nun tempo específico. Non hai aquí nin desprezo, nin apelación a unha catarse na que valla todo, pois o que se tenta é confrontar o medo, mesmo historialo.